



## ALTERNATIVAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL EN ÁREAS DE ALTO VALOR AMBIENTAL: MODELOS E EXPERIENCIAS APLICABLES Á SERRA DO COUREL

O intercambio e actualización da información acerca das estratexias de desenvolvemento sostible en espazos rurais de alto valor ecolóxico e cultural permite unha mellor sensibilización da sociedade en xeral, e da poboación local en particular. A posta en coñecemento das alternativas que se están a desenvolver noutras áreas de características semellantes, tanto galegas como da súa periferia inmediata, poden servir de modelo e comparación aos territorios de Galicia como o Courel, nos que se albergan elevados valores de conservación da biodiversidade, xeodiversidade e etnoculturais, mais que tamén precisan da dinamización económica das súas poboacións.

Dentro deste marco conceptual, o curso de verán pretende realizar unha posta ao día dos valores ecolóxicos e culturais da Serra do Courel. O coñecemento dos valores a conservar revélase como unha das estratexias más importantes para a súa preservación: se non coñecemos o que tén valor, difícilmente poderemos mantelo. Unha vez presentados os valores da Serra, profundizarase en diferentes propostas e modelos de xestión e conservación de espazos de alto valor ecolóxico e cultural, así como de diferentes liñas de actuación que se están a desenvolver noutras territorios.

Finalmente, darase presentación e posta en común de diferentes iniciativas de dinamización socioeconómica que se están a desenvolver na actualidade na montaña oriental luguesa.

Nº máximo de alumnos: **50**

Nº de horas: **25**

**CONVALIDABLE POR 2 CRÉDITOS PARA TITULACIÓNNS ADAPTADAS AO EEES  
(CRÉDITOS ECTS)**

**CONVALIDABLE POR 1 CRÉDITO DE LIBRE ELECCIÓN PARA DIPLOMATURAS,  
ENXEÑERÍAS, LICENCIATURAS, ETC.**

**Dirixido a:** estudantes e titulados universitarios, profesionais relacionados coa xestión do medio ambiente e a conservación da natureza, persoas relacionadas coa promoción de actividades socio-económicas no medio rural.

**Datas de celebración:** do 21 ao 23 de xullo de 2014

**Lugar de celebración:**

**Estación Científica do Courel - Seoane do Courel (Lugo).**

Haberá transporte diario de balde entre Lugo e Seoane do Courel ás 8:30 horas desde a parada de buses da EPS.

**E-mail de contacto:** [javier.ferreiro@usc.es](mailto:javier.ferreiro@usc.es)

**Formalización da matrícula:** directamente por internet a partires do 7 de maio ou de forma presencial a partir do 14 de maio. O prazo remata o 11 de xullo.

**Máis información:**

[www.usc.es/cultura/uveran14cursos.htm](http://www.usc.es/cultura/uveran14cursos.htm)

[www.ibader.org](http://www.ibader.org)

### Organizan:



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,  
CULTURA E FORMACIÓN CONTINUA



ESTACIÓN CIENTÍFICA DO COUREL

### Colabora:



INSTITUTO DE BIODIVERSIDADE  
AGRARIA E DESENVOLVIMENTO RURAL  
(IBADER)